



Permite consultar o texto de iniciativas como o Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, entre outros textos de interese para moitas persoas

A web do Parlamento a ofrece a posibilidade de que os cidadáns opinen e formulen suxestións ás iniciativas lexislativas en trámite

- **O apartado de “Participación Cidadá” da web está orientado a recoller a opinión dos cidadáns sobre as iniciativas lexislativas en trámite, como proxectos de lei, proposicións de lei, proposicións de iniciativa lexislativa popular e proposicións de lei para presentar no Congreso**

Santiago, 4 de marzo de 2010.- A páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es) ofrece, no apartado de “Participación Cidadá” a posibilidade de que calquera persoa poda opinar ou formular suxestións sobre o contido das diferentes iniciativas lexislativas que se atopen en fase de tramitación en cada momento.

Así, na actualidade, a área denominada “Lexisla con Nós” pon a disposición dos internautas os textos das sete iniciativas lexislativas que se están a tramitar no Pazo do Hórreo, e que resultan de interese para un moi elevado número de persoas.

É o caso do Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Outros textos que se poden consultar, e sobre os que os internautas teñen a posibilidade de opinar son a Proposición de Lei de iniciativa lexislativa popular para a creación e regulación da área metropolitana de Vigo; a Proposición de Lei, por iniciativa lexislativa popular, de fomento do sector naval de Galiza; a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada; a Proposición de Lei Orgánica de Transferencia de Competencias á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación Mariña; a Proposición de Lei de Bibliotecas e do Patrimonio Bibliográfico de Galiza; ou a Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados de modificación da Lei 7/985, do 2 de abril, de bases de réxime local, sobre racionalización do réxime das deputacións provinciais.

O apartado de “Participación Cidadá” da web institucional do Parlamento de Galicia está pensado para informar e recoller a opinión dos cidadáns sobre todas as iniciativas lexislativas en tramitación, como proxectos de lei, proposicións de lei, proposicións de iniciativa lexislativa popular e proposicións de lei para presentar no Congreso.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.